

I.E.S. OTERO PEDRAYO - OURENSE

PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

XEOGRAFIA DE ESPAÑA

II BACHARELATO

CURSO 2018-2019

Materia impartida polos profesores

Ramón Estévez Barreira

José Vázquez-Monjardín Fernández (Nocturno)

Profesorado do Departamento

Ramón Estévez Barreira

Agustina Rodríguez Viña

Daniel Lorenzo Valdivieso

José Cacheiro Fernández

Carolina Suárez García

José Vázquez-Monjardín Fernández

Álvaro Pérez Cancelas

ÍNDICE	Pág.
1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDADRES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	4
3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	27
4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.....	28
5- TEMAS TRANSVERSAIS.....	31
6- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	31
7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	32
8. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	32
9. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	33
10.AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁTICA DOCENTE.....	34

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño 2015 (DOG 29-VI-2015), marca como finalidade do Bacharelato: proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

Xeografía de España

A xeografía ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, e analiza a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e, ademais, que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao territorio galego, como referente e identidade próxima.

Grazas a este coñecemento adquirido, a xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, a materia de Xeografía participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sustentable e o medio, como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona (UE, áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España) inclúense nun tema final que contextualizará España nas súas relacións coa UE e co resto do mundo. Ademais, a través destes coñecementos rescátanse os aspectos aprendidos polo alumnado que non deben perderse.

Os primeiros temas conteñen os coñecementos básicos para a construción do coñecemento xeográfico do país e para explicar a variedade de paisaxes de España.

A materia é rica en achegas ao desenvolvemento competencial. A competencia clave matemática e, moi especialmente, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están moi presentes, xa que en xeografía se require abordar aprendizaxes de feitos e procedementos propios das ciencias da terra ou da estatística. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas reciben un tratamento moi

específico relacionado cos contidos propios da xeografía como o desenvolvemento sustentable, que ademais é un elemento transversal ao longo da etapa. Pola súa banda, as competencias lingüística e dixital (fronte á realidade ineludible da universalización da cartografía dixital e o tratamento cotiá das imaxes satélite), e a de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental. Finalmente, o tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Obxectivos xerais do Bacharelato:

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Contribución da materias ás competencias clave

A LOMCE establece que todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias clave do alumnado. Estas competencias son as sete seguintes:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

A materia de Xeografía de España préstase ao desenvolvemento de todas estas competencias, especialmente as cinco primeiras. Para favorecer a súa adquisición polo alumnado inclúense no currículo diferentes tipos de actividades. Algunhas son específicas para alcanzar unha competencia; outras son actividades integradas, que permiten avanzar simultaneamente na adquisición de varias competencias.

A continuación concréntanse algunhas maneiras nas que a Xeografía contribúe á adquisición das competencias clave.

-Comunicación lingüística. A Xeografía colabora na comprensión de textos orais e escritos; na expresión oral e escrita; e no respecto ás normas de comunicación. Así, o alumnado deberá adquirir e utilizar con propiedade a terminoloxía da materia. Deberá ser capaz de comprender textos orais e escritos de temática xeográfica, e expresar os contidos xeográficos utilizando adecuadamente as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais. E deberá asumir as normas de comunicación en contextos variados: respectar a quenda de palabra, escoitar con atención o interlocutor, etc. Con este fin realízanse tarefas como a lectura comprensiva e o comentario de textos; a definición de termos e a elaboración de definicións; a descrición de imaxes; as redaccións,

exposicións e presentacións orais; a participación nas actividades da aula e en debates; a elaboración de informes e traballos, etc.

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A Xeografía contribúe de forma esencial a tomar conciencia dos cambios producidos polas persoas no contorno e a fomentar o coidado ambiental e dos seres vivos, promovendo o compromiso co uso responsable dos recursos e o desenvolvemento sostible. Para iso formula numerosas actividades encamiñadas á toma de conciencia dos problemas ambientais e á busca e aprecio das solucións para abordalos, como a análise de datos, imaxes e textos; a realización de traballos de campo sobre o contorno; a valoración da importancia dos espazos naturais protexidos; ou a planificación de actuacións concretas para prever os problemas ou colaborar na súa solución.

A Xeografía tamén fomenta o manexo de elementos matemáticos básicos, mediante o cálculo e interpretación de taxas (aridez, natalidade, paro, PIB pc); a elaboración e a análise de información en formato gráfico ou en series estatísticas; e a realización e interpretación de mapas. Así mesmo, fomenta o establecemento de relacións, a explicación de feitos, a clasificación, a comparación, a diferenciación, o razoamento lóxico mediante o uso de datos e estratexias para responder cuestións ou afrontar problemas xeográficos de diversa índole e as súas manifestacións en diferentes aspectos da vida cotiá. Tamén evidencia a importancia de usar métodos rigorosos para comprender a realidade física e humana e as súas interrelacións espaciais. E promove hábitos de vida saudables en relación co medio e co aumento da esperanza de vida (producións ecolóxicas, medios de transporte non motorizados, consumo responsable, etc.).

-Competencia dixital. A Xeografía promove a capacidade de buscar, seleccionar, utilizar e avaliar criticamente a información procedente de medios dixitais; a elaboración de información propia a partir da información obtida; e a súa transmisión utilizando diversas canles de comunicación audiovisual. Entre as actividades que fomentan esta competencia encóntranse as investigacións ou indagacións; e o uso das novas tecnoloxías para facilitar o traballo xeográfico e a vida diaria: realización de cálculos, gráficos e mapas; obtención de imaxes; creación de simulacións co fin de adoptar decisións con repercusións espaciais, etc.

-Competencia de aprender a aprender. Promóvese desde a Xeografía mediante o desenvolvemento de estratexias que favorezan a comprensión dos seus contidos, como a realización de esquemas, sínteses, cadros comparativos, eixes cronolóxicos, organigramas, fichas e mapas conceptuais. Ademais, desde a materia foméntanse actitudes que favorecen a aprendizaxe autónoma, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico; a toma de conciencia dos procesos de aprendizaxe; e a autoavaliación da consecución dos obxectivos de aprendizaxe.

-Competencias sociais e cívicas. A Xeografía impulsa a educación cívica, aplicando os dereitos e deberes da convivencia cidadá ao contexto escolar. Con este fin fomenta a relación cos demais; aprender a comportarse; o recoñecemento da riqueza e da diversidade das opinións alleas; e o desenvolvemento do compromiso social manifestado na preocupación polos espazos e os grupos sociais máis desfavorecidos. Entre as actividades propostas atópanse a participación activa na aula; o traballo en grupo para a realización de actividades; e os traballos de campo, que promoven a solidariedade, a responsabilidade, a colaboración e o respecto ás opinións alleas.

-O sentido da iniciativa e o espírito emprendedor. A Xeografía colabora en desenvolver a autonomía persoal; a constancia no traballo, asumindo responsabilidades e superando as dificultades; a capacidade de liderado, suxerindo iniciativas e fomentando as actitudes relacionadas coa organización, a planificación, co deseño, coa valoración, a avaliación, a coordinación de tarefas e tempos e a negociación; e co desenvolvemento da creatividade e do emprendemento, propoñendo novas ideas ou actividades.

-A conciencia e expresións culturais. A Xeografía fomenta a valoración das manifestacións culturais propias e alleas nas súas distintas vertentes (natural, monumental, etc.); e o aprecio da multiculturalidade de persoas e espazos xeográficos. Tamén promove o gusto pola creatividade e pola estética na vida cotiá, manifestadas na elaboración de traballos, murais, presentacións, caderno de traballo, etc.

Distribución temporal e secuenciación.

Introdución ao coñecemento xeográfico

- A xeografía e o espazo xeográfico.
- Os procedementos xeográficos.
- Pautas para o comentario de fontes xeográficas.

U. D. 1- O espazo xeográfico español. A diversidade xeomorfolóxica

TEMPORALIZACIÓN

Nove horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da xeomorfoloxía.
- Coñecer e describir a composición do espazo xeográfico español e distinguir e valorar os elementos que lle confiren unidade e diversidade.
- Localizar e identificar en mapas as principais unidades morfoestruturais do relevo español e os accidentes máis destacados do relevo costeiro.
- Coñecer e explicar os trazos principais da evolución xeolóxica do territorio español; a litoloxía e as formas de modelado; e as unidades morfoestruturais do relevo peninsular e insular.
- Coñecer as especificidades do espazo xeográfico de Galicia.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados co estudo do relevo obtendo, interpretando, analizando e comentando mapas, bloques diagrama, perfís topográficos e imaxes.
- Valorar a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
 AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O espazo xeográfico español. A composición e a diversidade do territorio español. - O relevo peninsular. Trazos, tipos de unidades morfoestruturais; evolución xeolóxica; rochedo e tipos de relevo; unidades estruturais; e relevo costeiro. - O relevo das illas Baleares. Os conxuntos do relevo e as costas baleares. - O relevo das Illas Canarias. Os tipos de relevo e as costas canarias. - O espazo xeográfico galego. Situación e límites; e relevo. 	1. Definir e explicar brevemente conceptos relativos ao relevo español.	1.1. Define con precisión conceptos relativos á evolución xeolóxica e ás unidades estruturais do relevo peninsular e insular.	CCL, CMCT
		1.2. Define con precisión conceptos relativos ao relevo costeiro español.	
	2. Analizar, caracterizar e explicar o relevo español.	2.1. Redacta temas sobre a evolución xeolóxica, o rochedo, as unidades e o relevo costeiro peninsular; así como sobre o relevo continental e costeiro das illas Baleares e Canarias.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao relevo español.	3.1. Localiza e identifica en mapas fenómenos referidos ao relevo continental e costeiro de España.	CMCT, CAA
	4. Analizar, caracterizar e explicar o relevo galego.	4.1. Identifica as características propias da situación e o relevo de Galicia.	CCL, CMCT, CAA
	4. Utilizar e aplicar as ferramentas e os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo xeográfico e do relevo español.	4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta bloques-diagrama, perfís topográficos e imaxes sobre o relevo continental e costeiro español.	CD, CCL, CMCT, CAA
	5. Valorar a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e reflexionar sobre a importancia do relevo para a actividade humana.	5.1. Valora a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e reflexiona sobre a incidencia dos distintos tipos de relevo na actividade humana.	CSIEE

U. D. 2- A diversidade climática

TEMPORALIZACIÓN

Nove horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da meteoroloxía e da climatoloxía.
- Coñecer e describir os factores e os elementos que determinan os tipos de tempo atmosférico e os climas de España; e os trazos dos dominios climáticos españois, establecendo comparacións entre eles.
- Localizar e identificar en mapas os fenómenos meteorolóxicos e os dominios climáticos de España.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados co clima: mapas, gráficos e datos estatísticos.
- Apreciar a diversidade climática de España e obter, seleccionar e comentar informacións procedentes de diversas fontes onde se pon de manifesto.
- Coñecer as particularidades e os distintos tipos de clima no territorio galego, e localizalos e identificalos no mapa.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVAILABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables	CC
<ul style="list-style-type: none">- Os factores xeográficos e termodinámicos do clima en España.- Os elementos do clima.- Os tipos de tempo en España e a interpretación de mapas meteorolóxicos en superficie e en altura.- Os tipos de clima en España e a elaboración e comentario de climogramas.- Os tipos de clima en Galicia.	1. Definir correctamente os principais termos relativos ao tempo e clima de España.	1.1. Define correctamente conceptos relativos a factores e elementos do clima; tipos de tempo; e dominios climáticos de España.	CCL, CMCT
	2. Analizar, caracterizar e explicar os principais factores e elementos do clima; os tipos de tempo; e os dominios climáticos de España.	2.1. Redacta temas sobre os factores e elementos do clima; os tipos de tempo e os dominios climáticos de España.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao tempo e ao clima de España.	3.1. Localiza e identifica en mapas os centros de acción e as masas de aire que afectan ao tempo e ao clima español; así como os principais dominios climáticos de España.	CMCT, CAA

	4. Utilizar e aplicar as ferramentas e os procedementos do método xeográfico ao estudo do tempo e do clima en España.	4.1. Obtén, analiza, explica, comenta e interpreta debuxos e mapas relativos aos factores e elementos do clima de España.	CD, CCL, CMCT, CAA
		4.2. Comenta mapas do tempo; e elabora, comenta e compara climogramas.	
	5. Apreciar a diversidade climática de España e a importancia da información meteorolóxica e climatolóxica.	5.1. Aprecia a diversidade climática de España e valora a importancia da información meteorolóxica e climatolóxica en diferentes actividades humanas e na vida cotiá das persoas.	CSIEE, CMCT
6. Analizar, caracterizar e localizar os principais trazos do clima en Galicia e os distintos tipos climáticos do territorio galego.	6.1. Explica os distintos climas de Galicia e localiza en mapas os ámbitos climáticos do territorio galego.	CCL, CMCT	

U.D. 3- A diversidade hídrica, vexetal e edáfica

TEMPORALIZACIÓN

Seis horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da hidrografía, os bioclimas e a edafoloxía.
- Coñecer e describir os factores que inflúen na diversidade hídrica, vexetal e edáfica de España; caracterizar os principais elementos hídricos; e describir e comparar as diferentes paisaxes vexetais e os distintos tipos de chans.
- Localizar e identificar en mapas os principais elementos hídricos, as formacións e as paisaxes vexetais, e os tipos de solo da Península e das illas Baleares e Canarias.
- Utilizar as principais ferramentas e os procedementos do método xeográfico relacionados coas augas, a vexetación e o solo: mapas, imaxes, datos estatísticos, hidrogramas de caudal, cliseries e perfís do solo.
- Apreciar a diversidade hídrica, vexetal e edáfica de España e obter, seleccionar e comentar informacións procedentes de diversas fontes onde se pon de manifesto.
- Coñecer os principais trazos hidrolóxicos e de vexetación do territorio galego.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA),

competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A diversidade hídrica de España: os ríos peninsulares (factores da diversidade fluvial; caudal, réxime, concas e vertentes hidrográficas); as zonas húmidas (lagos e húmidais); e os acuíferos. - A diversidade vexetal: factores da diversidade vexetal; e paisaxes vexetais de España (oceánica, mediterránea, de ribeira, de montaña e de Canarias).. - A diversidade do solo: factores da diversidade edáfica; horizontes e perfil do solo; e tipos de solo (zonais, azonais e intrazonais). - A diversidade hídrica e vexetal de Galicia: a disimetría das vertentes, o encaixamento da rede fluvial, os caudais e a vexetación. 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás augas, a vexetación e o solo en España.	1.1. Define correctamente conceptos relativos aos ríos, os húmidais e os acuíferos; ás rexións e as formacións vexetais; e aos elementos e os tipos de solos de España.	CCL, CMCT
	2. Analizar, caracterizar e explicar as augas, a vexetación e o solo de España.	2.1. Redacta temas sobre os ríos peninsulares, as zonas húmidas e os acuíferos; as paisaxes vexetais de España; e os trazos e os tipos de solos.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar en mapas fenómenos referidos ás augas, á vexetación e aos solos de España.	3.1. Localiza e identifica en mapas os principais ríos, concas fluviaes, vertentes hidrográficas, zonas húmidas e encoros; as rexións e os dominios vexetais de España; e os solos asociados.	CMCT, CAA
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das augas, a vexetación e o solo de España.	4.1. Obtén, comenta e compara hidrogramas de caudal; cliseries vexetais; e imaxes de ríos, formacións vexetais e solos de España, relacionándoos coas características climáticas.	CD, CCL, CMCT, CAA
	5. Valorar a diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España e o seu aproveitamento como recurso.	5.1. Valora a diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España; o seu aproveitamento como recurso en diferentes actividades humanas; e a importancia das obras de regularización fluvial fronte a problemas como secas ou inundacións.	CSIEE
	6. Valorar a diversidade hidrográfica e vexetal de Galicia e localizar en mapas.	6.1 Valora a diversidade hidrográfica e vexetal de Galicia e localiza en mapas os principais ríos.	CCL, CMCT

U.D. 4- As paisaxes naturais e as interaccións natureza-sociedade

TEMPORALIZACIÓN

Dez horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios das paisaxes naturais e das interaccións entre o medio natural e a actividade humana.
- Describir, caracterizar, diferenciar e comparar as principais paisaxes naturais de España; coñecer a influencia do medio natural como recurso e como risco; e explicar os principais problemas ambientais debidos á acción antrópica e as políticas favorecedoras do medio natural.
- Utilizar as principais ferramentas e os procedementos do método xeográfico relacionados coas paisaxes naturais e as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana: comentario de imaxes de paisaxes naturais, mapas, datos estatísticos, gráficos e textos legais relativos á corrección de problemas ambientais.
- Valorar a diversidade de paisaxes naturais de España e de Galicia, e dos recursos que achegan; identificar os riscos e problemas ambientais; e propoñer solucións fronte a eles.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none">- As paisaxes naturais e humanizadas. A diversidade de paisaxes naturais de España: oceánica, mediterránea, de montaña e de Canarias.- A influencia do medio natural na actividade humana: o medio natural como recurso e os riscos naturais- A influencia da actividade humana no medio natural. A intervención humana na natureza. A alteración do relevo. A alteración da atmosfera. A contaminación acústica. A contaminación lumínica. A alteración, sobreexplotación e	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás paisaxes naturais de España e ás interrelacións entre o medio natural e a actividade humana.	1.1. Define con precisión conceptos relativos ás paisaxes naturais de España; as interrelacións entre o relevo, o clima, as augas, a vexetación e o solo coa actividade humana; e os espazos naturais protexidos.	CCL, CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar, diferenciar e explicar as paisaxes naturais de España e as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana.	2.1. Redacta temas e elabora cadros de síntese sobre as paisaxes naturais de España; o medio natural como recurso e como risco; os problemas ambientais e os espazos naturais protexidos.	CCL, CMCT, CAA

<p>contaminación das augas. Os danos, alteración e destrución da vexetación. A artificialización, contaminación, erosión e desertización do solo. A produción de residuos. A redución da biodiversidade.</p> <p>- Os espazos naturais protexidos. A protección de espazos naturais en España e Galicia. Os tipos de espazos naturais protexidos</p>	<p>3. Localizar en mapas as paisaxes naturais de España; e trazos sobre as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana.</p>	<p>3.1. Localiza en mapas as paisaxes naturais oceánica, mediterránea, de montaña e de Canarias; recursos naturais; as áreas afectadas por riscos e problemas ambientais; e os principais espazos naturais protexidos.</p>	<p>CMCT, CAA</p>
	<p>4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das paisaxes naturais de España; e as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana.</p>	<p>4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes de paisaxes naturais de España; e obtén, analiza mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre riscos naturais e sobre a influencia negativa e positiva da acción antrópica no medio natural.</p>	<p>CD, CCL, CMCT, CAA, CSC</p>
	<p>5. Valorar a diversidade dos espazos naturais de España e Galicia; e comprender a importancia de previr os riscos naturais e de evitar e corrixir as alteracións ambientais.</p>	<p>5.1. Valora a diversidade dos espazos naturais de España e Galicia, e a importancia da súa protección; identifica riscos e problemas ambientais; analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza; e propón solucións xerais e persoais fronte aos problemas ambientais.</p>	<p>CSIEE, CSC</p>

U. D. 5- Os espazos do sector primario

TEMPORALIZACIÓN

Once horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios dos espazos rurais e pesqueiros.
- Describir, caracterizar e explicar os condicionantes e as características das actividades agrarias; identificar, diferenciar e comparar as paisaxes agrarias de España; e coñecer os problemas e as dinámicas recentes do espazo rural.
- Describir, caracterizar e explicar os condicionantes, as características e os problemas da actividade pesqueira e da acuicultura.

- Utilizar as principais ferramentas e os procedementos do método xeográfico relacionados cos espazos agrarios e pesqueiros: comentario de paisaxes agrarias a través de imaxes ou de observacións de campo; e obtención, análise e comentario de mapas, datos estatísticos, gráficos e textos.
- Valorar os espazos agrarios e pesqueiros de España; coñecer e tomar conciencia dos seus problemas; e avaliar as posibles solucións.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O espazo rural e o espazo agrario. - Os condicionantes naturais do espazo agrario. - Os condicionantes humanos do espazo agrario: a estrutura agraria e a política agraria. - As actividades agrarias: agrícola, gandeira e forestal. - As paisaxes agrarias: elementos e tipos. - Os problemas agrarios e o desenvolvemento rural. - As dinámicas recentes do espazo rural: multifuncionalidade e heteroxeneidade. - Os espazos da actividade pesqueira: o espazo pesqueiro; os 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos aos espazos rural e pesqueiro de España.	1.1. Define con precisión conceptos relativos aos condicionantes naturais e humanos; as actividades; as paisaxes; e os problemas dos espazos agrarios e pesqueiros.	CCL, CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar as actividades agropecuarias e pesqueiras.	2.1. Redacta temas sobre os condicionantes, actividades, paisaxes, problemas e dinámicas do espazo rural; e sobre os condicionantes, produción e problemas da actividade pesqueira.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar en mapas as paisaxes agrarias, os aproveitamentos agropecuarios e as rexións pesqueiras de España.	3.1. Localiza en mapas as paisaxes agrarias do norte peninsular, do mediterráneo interior e costeiro, de montaña e de Canarias; os principais tipos de cultivo e de especies gandeiras; e as principais rexións pesqueiras de España.	CMCT, CAA

condicionantes naturais e humanos; a produción pesqueira; os problemas actuais da pesca marítima; e a acuicultura.	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo dos espazos rurais e pesqueiros de España.	4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes de paisaxes agrarias; e obtén, analiza e comenta mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a importancia, as características, o dinamismo, a evolución, os problemas e as políticas agropecuarias e pesqueiras de España.	CD, CCL, CMCT, CAA CCEC CSIEE
	5. Valorar os espazos rurais e pesqueiros; tomar conciencia dos seus problemas; e avaliar as posibles solucións.	5.1. Valora os espazos rurais e pesqueiros; identifica e toma conciencia dos seus problemas obtendo e comentando diferentes informacións sobre eles; e avalía as posibles solucións utilizando as actuais directrices das políticas agraria e pesqueira.	CSIEE, CSC

U. D. 6- Os espazos industriais

TEMPORALIZACIÓN

Once horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios dos espazos mineiros, enerxéticos e industriais.
- Describir, caracterizar e explicar a evolución, os trazos, a localización, os problemas e as políticas actuais sobre as actividades mineiras, enerxéticas e industriais de España.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados cos espazos mineiros, enerxéticos e industriais de España: comentario de paisaxes industriais a través de imaxes ou de observacións de campo; e obtención, análise e comentario de mapas, datos estatísticos, gráficos e textos.
- Valorar os espazos mineiros, enerxéticos e industriais de España e Galicia; coñecer e tomar conciencia dos seus problemas; e avaliar as posibles solucións.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Os trazos e a importancia do espazo industrial. - As materias primas: tipos; problemas da minería; e política mineira. - As fontes de enerxía: as fontes de enerxía primarias non renovables e renovables; a enerxía final; os problemas e a política enerxética. - Os recursos enerxéticos de Galicia. - A industria española entre 1855 e 1975: a evolución industrial; a produción industrial; a estrutura industrial; a localización industrial; a política industrial. - A crise e a reestruturación industrial: 1975-1990: a crise industrial; a política de reestruturación industrial. - A industria española na actualidade: a evolución desde 1990; a produción industrial; a estrutura industrial; a localización industrial; a política industrial. - A industria en Galicia. 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás materias primas, as fontes de enerxía e a industria de España.	1.1. Define con precisión conceptos relativos ás materias primas e os seus tipos; as fontes de enerxía primaria renovables e non renovables; a enerxía final; e a produción, estrutura, localización e política industrial.	CCL, CMCT
	2. Definir e explicar brevemente as fontes de enerxía en Galicia.	2.1 Explica as peculiaridades dos recursos e das potencialidades enerxéticas en Galicia.	CCL
	3. Describir, analizar, caracterizar e explicar as materias primas; as fontes de enerxía; o proceso de industrialización; e os trazos da industria actual en España.	3.1. Redacta temas sobre os tipos de materias primas, os seus problemas e a política mineira; as fontes de enerxía primaria, a enerxía final, os problemas e a política enerxética; as etapas do proceso de industrialización, relacionando o nacemento da industria coa localización dos recursos mineiros e enerxéticos; os factores da localización industrial; os trazos, os problemas e as políticas industriais da UE e de España.	CCL, CMCT, CAA
	4. Describir e analizar as características da industria en Galicia.	4.1. Explica o proceso de industrialización de Galicia e a estrutura e principais áreas industriais do territorio galego.	CCL CSAA
	5. Localizar en mapas os recursos mineiros e enerxéticos e as producións e as áreas industriais de España e de Galicia.	5.1 Localiza en mapas as áreas mineiras; as producións e as centrais enerxéticas; as principais ramas da industria; e as áreas e os eixes industriais de España e Galicia.	CMCT, CAA

	6. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das materias primas, as fontes de enerxía e a industria de España.	6.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes de sectores e de paisaxes industriais; e obtén, analiza e comenta mapas, gráficos, datos estatísticos, eixes cronolóxicos e textos sobre a evolución, a importancia, as características, as producións, os problemas e as políticas mineiras, enerxéticas e industriais.	CD, CCL, CMCT, CAA CCEC CSIEE
	7. Valorar os espazos mineiros, enerxéticos e industriais; tomar conciencia dos seus problemas; e formular e avaliar as posibles solucións.	7.1. Valora os espazos mineiros, enerxéticos e industriais; identifica e toma conciencia dos seus problemas obtendo e comentando diferentes informacións sobre eles; e avalía as posibles solucións utilizando as actuais directrices das políticas mineira, enerxética e industrial da UE e de España.	CSIEE, CSC

U. D. 7- Os espazos do sector terciario

TEMPORALIZACIÓN

Once horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios dos espazos terciarios.
- Describir, caracterizar e explicar o proceso de terciarización da economía española; os modos de transporte e o seu impacto espacial; o turismo; o comercio exterior e interior; e outras actividades terciarias.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados cos espazos terciarios: comentario de paisaxes turísticas; e obtención, análise e comentario de mapas, datos estatísticos, gráficos, imaxes e textos relacionados co transporte, o turismo e o comercio.
- Valorar a importancia das actividades terciarias, tomar conciencia dos seus problemas e formular solucións fronte a eles.
- Coñecer as peculiaridades do sector terciario en Galicia: o sistema de transportes e o turismo e comercio.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA),

competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de terciarización e a importancia do sector terciario. - Os trazos do sector terciario: heteroxeneidade, complexidade, estrutura, factores e tendencias de localización, e desequilibrios territoriais. - Os transportes e as telecomunicacións: o sistema de transporte e a súa importancia; características do sistema de transporte; a política de transporte; os modos de transporte; e as telecomunicacións. - Os espazos turísticos: o turismo e a súa importancia; evolución do turismo e dos seus factores; características; tipos de turismo; espazos turísticos; repercusións do turismo; problemas; e política turística. - O comercio. O comercio interior: características, tipos, espazos e políticas comerciais. O comercio exterior: características, áreas, e política comercial. - Outras actividades terciarias. 	1. Definir e explicar correctamente os principais conceptos relativos aos espazos de servizos de España.	1.1. Define con precisión conceptos relativos ao proceso de terciarización, os transportes, o turismo e o comercio en España.	CCL, CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de terciarización e as principais actividades do sector terciario en España e Galicia.	2.1. Redacta temas sobre o proceso de terciarización; as características do sistema de transporte e os seus diferentes modos; os trazos do turismo e as súas distintas tipoloxías; e o comercio interior e exterior de España.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar en mapas os nodos e infraestruturas de transporte; os principais espazos turísticos; e as áreas máis destacadas do comercio interior e exterior.	3.1. Localiza en mapas os nodos e infraestruturas do transporte terrestre, marítimo e aéreo; as áreas de alta e media densidade turística; as comunidades con maior peso do comercio interior; e as principais áreas ou países do comercio exterior de España.	CMCT, CAA
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo dos espazos terciarios de España.	4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes de paisaxes turísticas; e obtén, analiza e comenta mapas, gráficos, datos estatísticos, imaxes e textos sobre os transportes, o turismo e o comercio en España.	CD, CCL, CMCT, CAA, CCEC, CSIEE
	5. Valorar a importancia dos transportes na articulación do territorio; e tomar conciencia dos problemas que afectan ás actividades terciarias, propoñendo solucións fronte a eles.	5.1. Valora a importancia da rede de estradas na articulación do territorio; toma conciencia dos problemas que afectan o transporte, o turismo e o comercio e propón solucións fronte a eles.	SIEP, CSC

U. D. 8- A poboación española

TEMPORALIZACIÓN

Once horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos á poboación española.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.
- Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo da poboación española.
- Expresar opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostrar actitudes de tolerancia e solidariedade ante calquera forma de discriminación.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none">- As fontes demográficas.- A distribución da poboación: características, evolución e factores explicativos.- O movemento natural da poboación: os réximes demográficos e os desequilibrios territoriais.- Os movementos migratorios: as migracións interiores tradicionais e actuais; as migracións exteriores tradicionais e actuais; e a inmigración estranxeira.- O crecemento real da poboación.- A estrutura da poboación: por sexo e idade; e por actividade económica.- O futuro da poboación española.- A poboación de Galicia: distribución, movemento	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á poboación española e galega.	1.1. Define con precisión conceptos relativos á distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.	CCL, CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os trazos da distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.	2.1. Redacta temas sobre a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar en mapas e gráficos os principais trazos relacionados coa distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación	3.1. Localiza en mapas a distribución da poboación española e galego; as diferenzas territoriais na natalidade, a mortalidade, o crecemento natural, os movementos migratorios, o crecemento real, a xuventude e o	CMCT, CAA

natural, tradición migratoria, crecemento real e estrutura.	española e galega.	envellecemento demográfico; as taxas de actividade e de paro; e a poboación ocupada por sectores económicos.	
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da poboación española e galega.	4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española. Comenta pirámides de poboación de España e de distintas comunidades autónomas.	CD, CCL, CMCT, CAA, CEC
	5. Expresar opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostrar actitudes de tolerancia e solidariedade ante calquera forma de discriminación.	5.1. Emite opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostra actitudes de tolerancia e solidariedade respecto á discriminación laboral ou social por motivos de sexo, idade, raza ou nacionalidade.	CSIEE, CSC

U. D. 9- O espazo urbano

TEMPORALIZACIÓN

Once horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao espazo urbano español.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar o concepto de cidade; o proceso de urbanización; a morfoloxía e a estrutura urbana; os problemas das cidades; a ordenación do espazo urbano e o sistema de cidades de España.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de urbanización de Galicia, as peculiaridades do subsistema urbano galego e das setes cidades da nosa comunidade.
- Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo urbano español e galego.
- Mostrar interese polos problemas urbanos e as actuacións encamiñadas a solucionarlos; avaliar estas actuacións e realizar propostas de mellora.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
 AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O concepto e a importancia da cidade. - O proceso de urbanización. Etapas preindustrial, industrial e postindustrial. - A morfoloxía urbana: localización, situación, plano, trama, edificación e usos do solo. - A estrutura urbana: zona antiga; cidade industrial; periferia e aglomeracións urbanas. - Problemas das cidades españolas: derivados da aglomeración, económicos, demográficos, sociais e ambientais. - A ordenación do espazo urbano e o urbanismo. Etapas industrial e postindustrial. - O sistema urbano español: compoñentes, xerarquía urbana, organización espacial en eixes e cambios recentes (incorporación aos sistemas urbanos europeo e global). - O sistema urbano galego: proceso de urbanización, o subsistema urbano galego e as características das sete cidades galegas. 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ao espazo urbano.	1.1. Define con precisión conceptos relativos ao proceso de urbanización, a morfoloxía e a estrutura urbana, os problemas urbanos, o urbanismo e o sistema urbano.	CCL, CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de urbanización; a morfoloxía e a estrutura urbana; os problemas das cidades; a ordenación do espazo urbano e o sistema urbano de España e de Galicia.	2.1. Redacta temas sobre o proceso de urbanización e as súas etapas; os compoñentes da morfoloxía urbana; as diferentes áreas da estrutura urbana e as aglomeracións urbanas; os trazos do urbanismo industrial e postindustrial; e os trazos actuais do sistema urbano español e os seus cambios recentes.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar en mapas as principais cidades, aglomeracións e eixes urbanos de España.	3.1. Localiza en mapas as cidades e aglomeracións urbanas de máis de 50 000 hab.; e os eixes urbanos principais.	CMCT, CAA
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo urbano español e galego.	4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes de áreas e problemas urbanos; planos de cidades; mapas de distribución de cidades e do sistema urbano; e gráficos e datos estatísticos sobre o proceso de urbanización, as aglomeracións urbanas e o sistema de cidades de España e de Galicia.	CD, CCL, CMCT, CAA, CCEC, CSIEE

	5. Mostrar interese polos problemas urbanos; emitir opinións e propostas respecto a eles; e avaliar as actuacións urbanísticas encamiñadas a solucionarlos.	5.1. Identifica os problemas urbanos e as actuacións urbanísticas a partir de diversas fontes de información; e emite opinións e propón solucións sobre eles.	CSIEE, CSC
--	---	---	---------------

U. D. 10- A organización, os desequilibrios e as políticas territoriais

TEMPORALIZACIÓN

Sete horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.
- Describir, caracterizar e explicar a evolución histórica da organización territorial e os seus trazos actuais; as causas, indicadores, evolución e situación actual dos desequilibrios territoriais; e a política rexional e de cohesión territorial da UE, o Estado español e as comunidades autónomas.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados coa organización, os desequilibrios e as políticas territoriais: comentario de mapas, datos estatísticos, imaxes, gráficos e textos.
- Valorar a descentralización político-administrativa; recoñecer os desequilibrios territoriais; e apreciar as actuacións encamiñadas a palialos.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A organización territorial de España: evolución histórica e organización actual (divisións territoriais e estado das autonomías: formación e organización). - Os desequilibrios territoriais: causas, 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.	1.1. Define con precisión conceptos relativos á organización, aos desequilibrios e as políticas territoriais de España.	CCL, CMCT

<p>indicadores e evolución: períodos 1960-1975, 1976-1985, 1986-2007 e desde 2008.</p> <p>- As políticas rexionais e de cohesión territorial: bases da política rexional; a política rexional e de cohesión da UE 2014-2020; a política rexional e de cohesión do Estado español; e a ordenación do territorio.</p>	<p>2. Describir, analizar, caracterizar e explicar a organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.</p>	<p>2.1. Redacta temas sobre a evolución e a organización territorial actual de España; a evolución e a situación actual dos desequilibrios territoriais; e as políticas rexionais e de cohesión territorial da UE, o Estado e as comunidades autónomas dirixidas a paliaos.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA</p>
	<p>3. Localizar en mapas as divisións político-administrativas de España e os fenómenos relativos aos desequilibrios e as políticas territoriais.</p>	<p>3.1. Localiza en mapas as comunidades autónomas e as provincias, cos seus correspondentes capitais; os países fronteirizos de España; a categoría de cada comunidade autónoma na política rexional europea; e as comunidades beneficiadas polos Fondos de Compensación Interterritorial.</p>	<p>CMCT, CAA</p>
	<p>4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.</p>	<p>4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a organización, os desequilibrios e a política territorial de España.</p>	<p>CD, CCL, CMCT, CAA</p>
	<p>5. Valorar a descentralización político-administrativa; recoñecer os desequilibrios territoriais; e apreciar as actuacións encamiñadas a paliaos.</p>	<p>5.1. Emite opinións acerca da descentralización político-administrativa; recoñece os desequilibrios territoriais; e aprecia as actuacións encamiñadas a paliaos e a fomentar a solidariedade interterritorial.</p>	<p>CSIEE, CSC</p>

U. D. 11- España e Galicia en Europa

TEMPORALIZACIÓN

Oito horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao espazo físico e humano europeo e á integración de España na Unión Europea.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de construción e o funcionamento da UE; os seus contrastes físicos, humanos e rexionais; e a posición de España en Europa.
- Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao Estudo de Europa e da posición de España na Unión Europea.
- Valorar o proceso de integración e ampliación de Europa, e opinar sobre as diferentes políticas comunitarias.
- Describir, analizar e valorar o proceso de integración de Galicia na Unión Europea.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none">- A construción e o funcionamento da UE: o proceso de ampliación e as súas consecuencias; os tratados, as institucións e as políticas comúns.- Os contrastes físicos da UE: relevo, paisaxes naturais e ambiente na UE.- Os contrastes políticos: as diferenzas sobre a integración política e os avances.- Os contrastes económicos: os sectores primario, secundario e terciario.- Os contrastes demográficos e urbanos.- Os contrastes sociais e culturais.- As disparidades rexionais e a política de cohesión.- España na Unión	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á integración de España e Galicia na Unión Europea.	1.1. Define con precisión conceptos relativos á construción e o funcionamento da UE; os seus contrastes físicos, humanos e rexionais; e a posición de España e Galicia na Unión Europea.	CCL, CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os contrastes físicos e socioeconómicos de Europa e a posición de España na Unión Europea.	2.1. Redacta temas sobre a construción e o funcionamento da UE; os contrastes físicos, políticos, económicos, demográficos, urbanos, sociais, culturais e territoriais; e a integración e posición de España na UE.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar en mapas os principais elementos do medio físico e humano europeo; e os estados que compoñen a Unión Europea.	3.1. Localiza en mapas os principais accidentes do relevo, os ríos, os bioclimas, as áreas de actividade económica, os conxuntos rexionais e os estados membros da UE cos seus correspondentes capitais.	CMCT, CAA

<p>Europea: factores e consecuencias da integración; e a posición actual de España na UE e os retos de futuro (a posición xeográfica e demográfica, a posición política, a posición económica e social, e a posición cultural).</p> <p>- Galicia na Unión Europea.</p>	<p>4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo físico e humano europeo e á integración de España na Unión Europea.</p>	<p>4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a construción e o funcionamento da UE; os contrastes físicos, políticos, económicos, demográficos, urbanos, sociais, culturais e territoriais; e a integración e posición de España na UE.</p>	<p>CD, CCL, CMCT, CAA, CCEC</p>
	<p>5. Valorar os procesos de integración e de ampliación da Unión Europea e opinar sobre as políticas comunitarias.</p>	<p>5.1. Valora a integración e a ampliación da Unión Europea e opina sobre algunhas das políticas socioeconómicas e ambientais comunitarias.</p>	<p>CSIEE, CSC</p>

U. D. 12- España no mundo

TEMPORALIZACIÓN

Cinco horas lectivas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao sistema mundial e á integración de España no mundo.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar os trazos do sistema mundo: as áreas mundiais; as relacións e o proceso de globalización; a xerarquía do poder mundial e as ordes resultantes; e a posición de España nas áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo e nas relacións internacionais.
- Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo do sistema mundial e da posición de España no mundo.
- Avaliar criticamente a globalización; recoñecer as desigualdades mundiais e apreciar as iniciativas de solidariedade coas persoas e os espazos mundiais desfavorecidos; e valorar as vantaxes do poder brando.

CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CCD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
----------	-------------------------	--------------------------------------	----

<ul style="list-style-type: none"> - O sistema mundo: trazos; áreas mundiais; causas, evolución, consecuencias e solucións ás desigualdades mundiais. - As relacións mundiais: o proceso de globalización: causas, funcionamento e consecuencias. - A xerarquía do poder mundial: centros, periferias e semiperiferias; a orde mundial actual e as súas transformacións. - España no contexto mundial: posición nas áreas xeopolíticas; nas áreas xoeconómicas; e nas relacións internacionais. - A posición relativa de España no mundo: indicadores e Marca España. 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ao sistema mundial e á integración de España no mundo.	1.1. Define con precisión conceptos relativos ás áreas, ás desigualdades, ás relacións e as xerarquías mundiais; e á integración de España nas áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo.	CCL, CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os trazos do sistema mundo; as diferenzas e as relacións entre as áreas mundiais; a xerarquía do poder mundial; e a posición de España no mundo.	2.1. Redacta temas sobre as áreas, as desigualdades, as relacións e as xerarquías mundiais; e sobre a integración de España nas áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo.	CCL, CMCT, CAA
	3. Localizar en mapas as principais áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo e os principais grupo de países que as integran.	3.1. Localiza en mapas as principais áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo e os principais grupos de países que as integran.	CMCT, CAA
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do sistema mundial e da posición de España no mundo.	4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre os trazos do sistema mundo e a posición de España nas principais áreas xoeconómicas e xeopolíticas mundiais, utilizando diferentes indicadores.	CD, CCL, CMCT, CAA, CSC, CSIEE
	5. Criticar e propoñer solucións respecto ás consecuencias da globalización e das desigualdades mundiais; valorar as iniciativas de solidariedade coas persoas e espazos desfavorecidos; e apreciar as vantaxes do poder brando na orde mundial.	5.1. Critica e propón solucións respecto ás consecuencias da globalización e das desigualdades mundiais; valora as iniciativas de solidariedade coas persoas e os espazos desfavorecidos; e aprecia as vantaxes do poder brando na orde mundial.	CSIEE, CSC, CCEC

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A complexidade do medio no que vivimos percíbimola con certos niveis de organización que é debida á interacción entre o ser humano e a natureza. A comprensión desta organización é indispensable para poder intervir nela ou para contribuír á súa mellora. O espazo percíbese, analízase, explícase e comunícase en virtude de diferentes aspectos persoais e colectivos, ou sexa sociais, e duns conceptos determinados que proveñen dunha teoría que se foi consolidando ó longo dos séculos como científica e que facilita a aprehensión da realidade socio-espacial en diferentes marcos territoriais.

Cómpre que no Bacharelato os alumnos e as alumnas completen a súa formación xeográfica cuns contidos que faciliten o coñecemento concreto de diferentes realidades territoriais desde un concepto holístico, multivariable e máis complexo: as rexións, Galicia, España e Europa que aparecen así definidas como territorios diferenciados dentro do mundo (rexión político-administrativa), pero ó mesmo tempo cunha gran variedade de contrastes que fan posible a análise territorial diferenciada. A rexión, o territorio, aparece así non como unha descrición de caracteres homoxéneos, senón como o resultado explicativo da interacción de variables tanto medioambientais coma sociais. Atópanse así territorios individualizados, mais con problemáticas comúns, dado que a individualidade xeográfica non implica especificidade irrepetible. Por isto, a análise de casos servirá para profundar nestas explicacións, achegándose ós conceptos básicos que explican a diferenza de paisaxes, á vez que facilitará a utilización dos procedementos característicos da análise xeográfica e das técnicas que permiten o tratamento de datos e de informacións.

Nas anteriores etapas educativas os alumnos e as alumnas alcanzaron unha comprensión do medio xeográfico desde perspectivas xeométrico-espaciais, medioambientais e socio-espaciais. Os contidos de Xeografía seleccionados para ser abordados nesta etapa completarán estes aspectos aportando criterios de análise do medio tanto político-sociais coma científico-xeográficos, ó incluí-lo concepto de rexión e outros conceptos holísticos provenientes doutras teorías que poden non ser xeográficas, mais que permitirán integrar, relacionar e explica-las teorías rexionais. A necesaria capacidade de abstracción e de xeneralización para comprende-las teorías rexionais presupóñense nos alumnos e nas alumnas desta etapa tanto pola súa idade coma polos seus anos de escolarización. A comprensión dos diversos factores que inciden na organización territorial a diferentes escalas, recoñecendo as súas estruturas socio-económicas complexas, o papel das decisións políticas e as diferentes posicións ideolóxicas ante distintos proxectos de ordenación territorial, facilitará a significatividade de saberes que configuran distintas opcións tanto profesionais coma académicas ás que se desexe acceder e xerará, ó mesmo tempo, valores de solidariedade e de respecto á diversidade natural e social.

Optamos por unha ensinanza por Exposición significativa e investigadora para a materia de Xeografía, sen esquecer, en algunhas unidades, a aprendizaxe por descubrimento.

A ensinanza por exposición significativa, seguindo a teoría da aprendizaxe significativa de Ausubel e outros, permite conxugar dous elementos, procedentes da psicoloxía e da propia disciplina: o carácter constructivo dos procesos psicolóxicos que interveñen na aprendizaxe do alumnado e a necesidade de que este aprenda non só o método senón tamén a rede conceptual básica da disciplina.

As condicións necesarias para que unha aprendizaxe sexa verdadeiramente significativa serán que o material de aprendizaxe estea claramente organizado dunha forma lóxica e comprensible para o alumno e que o material resulte potencialmente significativo. É dicir, na mente do alumno debe producirse unha subordinación da nova idea (ou concepto, ou información) á idea xa existente na mente do que aprende. Por iso fai falla lanzar un nexos entre as ideas previas dos alumnos e a nova información que se lle proporciona. Este nexos consistirá nunhas cantas ideas xerais que se presentan -oralmente ou por escrito- ó alumno antes de que se poña a traballar sobre os materiais organizados. O coñecemento xeográfico, ensinado desta forma, reconstrúese máis que se descubre.

Inclinámonos por unha posición ecléctica, na que sen embargo predomina a metodoloxía da aprendizaxe significativa reconstructiva, deixando o descubrimento para algunhas unidades ou partes de unidades nas que se queira insistir nas habilidades metodolóxicas ou destrezas de pensamento que permitan dominar a materia; e non esquecendo a necesidade de que o profesor ou profesora interveña na clase con explicacións que introduzan as unidades, orientando o traballo dos alumnos e sintetizando as conclusións ás que se debe chegar en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe. Non debe confundirse isto último coas tradicionais clases maxistras ou dictado de apuntes, que só en contadas ocasións deben facer acto de presenza na aula.

Predominará, pois, a metodoloxía da aprendizaxe significativa-reconstructiva: introducindo as unidades mediante unha explicación oral por parte do profesor e facilitándolle por escrito ós alumnos os elementos máis significativos de dita explicación: conceptos, vocabulario, etc.

Unha vez que os alumnos entendan os contidos da unidade didáctica o profesor facilitaralles material (mapas, gráficos, textos, etc.) ós alumnos, e serán eles os que traballen individualmente ou en grupo. Para finalizar a unidade, entre todos (alumnos-profesor) farán unha síntese da unidade tratada.

Materiais e recursos didácticos.

Consideramos que é positivo para os alumnos dispoñer dun libro de texto que aporte materiais para o traballo, o que tamén facilita a labor dos profesores. Decidimos adoptar para tal fin, ó adecuarse ó noso proxecto, o libro da editorial Anaya para a materia de Xeografía de 2º de BAC.

Utilizaranse os medios didácticos máis idóneos para cada tema: mapas históricos, topográficos, temáticos, gráficos e diagramas, noticias e textos xeográficos, tablas estatísticas. Ademais farase uso de internet, presentacións, vídeos...

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

4. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

Procedementos

A avaliación ten que estar integrada no proceso de ensinanza- aprendizaxe, non reducíndose, polo tanto, a actuacións illadas.

Con esas consideracións avaliaremos non só a aprendizaxe de feitos, conceptos e principios, senón tamén a de procedementos, actitudes e valores , o que fai preciso contar cos instrumentos de avaliación e medición axeitados. Estes instrumentos poderán ser os seguintes:

- 1- Coñecemento do alumnado que xorde da interpretación dos datos contidos na avaliación inicial, así como na utilización de técnicas de observación directa e indirecta.
- 2- Caderno do alumnado, onde se poidan observar aspectos formais (a presentación), metodolóxicos (resumos, vocabulario específico), conceptuais (corrección de ideas previas, ampliación de contidos), procedementais e actitudinais.
- 3- Intervencións no conxunto da clase ou en pequeno grupo. Desta forma poderemos valorar as súas actitudes ante o traballo en equipo, a tolerancia, as aportacións razoadas de carácter individual, etc.
- 4- Cuestionarios, debates, postas en común, onde o alumnado poida manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do proceso educativo, así como enxuizar o papel do profesorado como orientador do traballo na aula.
- 5- Observación diaria por parte do profesor do traballo cotiá do alumnado na clase. Valoración da expresión oral e escrita, dos traballos realizados individual ou colectivamente, así como os traballos de indagación que se lles propoñeren.
- 6- Probas escritas. Son controles ou probas dentro da avaliación sumativa, que permiten descubrir problemas e deficiencias no proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como os distintos ritmos nese proceso. Valoraríanse, de forma especial, os contidos procedementais, a capacidade de razoamento e as actitudes alcanzadas.

Cualificación.

Á hora de cualificar utilizaranse os seguintes instrumentos:

a) Realización por parte dos estudantes de distintas **probos escritas** ou **exames**. Como norma xeral dous por avaliación.

Serán similares ás probas de acceso á Universidade, pero con unha única opción e adaptada ó tempo de clase:

- a. Definir conceptos xeográficos. Trátase ademais de que o alumnado saiba usar axeitadamente a terminoloxía xeográfica relacionándoa cun exemplo.
- b. Desenvolver unha pregunta práctica consistente na localización, lectura, interpretación, explicación e análise crítica de documentos gráficos relacionados coas destrezas e habilidades xeográficas fundamentais.
- c. Desenvolver unha cuestión teórica referida aos temas extraídos dos bloques de coñecemento. Nesta pregunta incluíranse orientacións para o seu desenvolvemento.

O alumnado ha de coñecer con anterioridade o tipo de exercicio que vai realizar, o número e tipo de preguntas e a puntuación prevista para cada unha delas, sendo o obxectivo de dita proba comprobar o que o alumnado coñece sobre determinados contidos.

Para cualificar os exames teranse en conta os criterios xerais e específicos da materia, así como a corrección e claridade na expresión escrita, tanto gramatical como ortográfica, a coherencia na exposición das ideas, a adecuación nas respostas, a elaboración dun discurso lóxico, e un uso correcto e rigoroso da terminoloxía básica, a capacidade de relación, análise e comprensión dos feitos.

b) Valoración do **traballo diario na aula**: caderno do alumno, asistencia, formulación de preguntas pertinentes, respostas espontáneas, participación en traballos individuais e de grupo, exposición, defensa de ideas propias etc.

c) Os exames suporán o **85%** da nota, como mínimo, e a valoración do traballo diario na aula un **15%**, como máximo.

O profesor fixará exercicios e diferentes probas para que o alumnado poida recuperar a materia **pendente**. A realización deses exercicios e probas é obrigatoria e o non realizalas suporá a non superación da materia.

Cualificación final

A cualificación final será a media aritmética da nota das tres avaliacións. No caso de terse presentado a algunha recuperación terase en conta a nota do exame de recuperación para facer a media.

A nota do aprobado será o 5. As notas inferiores a 5 implican non superar a materia, xa que o redondeo se ten realizado nas respectivas avaliacións.

Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinaria consistira nun exame similar aos arriba indicados. Deixar un bloque sen resposta implica suspender a proba.

A nota do exame supón o 100% da cualificación.

5- TEMAS TRANSVERSAIS.

No noso proxecto incluíranse, como parte do currículo, as seguintes materias transversais:

- 1- A educación para a paz. Nunha materia onde se amosa a frecuencia coa que os seres humanos non atoparon outra solución para solventar os seus conflitos que o enfrontamento armado, é de gran utilidade potenciar no noso alumnado un valor tan significativo como é o da paz, que xa desde principios do século XX defenderon os creadores da Sociedade de Nacións e continuou a ONU e outros organismos, persoas e institucións que sempre mantiveron unha actitude contraria ás carreiras de armamentos e á guerra.
- 2- A educación para a igualdade entre os sexos, básica nas sociedades avanzadas actuais e que trata de saldar unha débeda histórica coas mulleres que soportaron un papel secundario nas sociedades contemporáneas. O problema afunde as súas raíces na Antigüidade clásica, conformadora de boa parte das señas de identidade do mundo occidental, pero non é alleo o fenómeno a outras culturas.
- 3- A educación ambiental, compartida con outras materias da área de Ciencias , achégase á orixe histórica e situación actual da degradación de boa parte do planeta; o carácter de crecemento económico de posguerra que non tivo ningunha preocupación polas reservas de materias primas ou fontes de enerxía nin do efecto contaminante e destructor dun crecemento industrial descontrolado.
- 4- A educación moral e cívica, tamén se ten moi en conta nestes materiais ó longo das distintas Unidades Didácticas.
- 5- A educación para o ocio. Nos nosos materiais tratamos as distintas expresións artísticas (cine, pintura, fotografía, vídeo) que fomenten un tempo de lecer da maior calidade. Todos estes contidos incluíronse nos distintos temas, tal e como sinalamos no apartado de Actitudes que recollen todos estes aspectos e outros que consideramos imprescindibles para unha correcta formación do alumnado.

6- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Aceptada a diversidade dos niveis de madurez entre o alumnado dunha aula, deseñaremos as estratexias adecuadas para resolver os problemas que dela se derivan e atender a esa diversidade con actividades e medios pertinentes. É evidente que o alumnado aprende de modos, formas e con ritmos diferentes, que a cantidade e calidade do aprendido tamén o é, pero especialmente que os mecanismos polos que se produce a aprendizaxe significativa, segundo a teoría cognitiva de Ausubel, son basicamente idénticos.

Para conseguir que a diversidade non sexa un obstáculo, intentaremos desenvolver a autonomía progresiva dos alumnos, tanto no plano individual como no grupal. Para iso propoñemos actividades

que deben resolverse en equipos de traballo, así como a distribución de tarefas compartidas, responsabilidades no grupo, non sen por iso esquecer o traballo individual que nesa etapa debe formar parte do proceso de aprendizaxe do alumnado tendente a unha maior autonomía no proceso. En función desta proposta, deseñaremos en cada Unidade Didáctica actividades e propostas de traballo que permitan superar deficiencias de aprendizaxe (chamadas actividades de REFORZO) así como satisfacer a demanda de aquel grupo de alumnos que cunha maior madurez demanden niveis máis complexos (chamadas actividades de AMPLIACIÓN).

a) As actividades de reforzo aparecerán en dous momentos da Unidade Didáctica: ó principio dela, onde se interroga sobre os aspectos máis básicos que deben dominar da ESO e que serven de punto de partida para a aprendizaxe de novos contidos e ó final de cada Tema no que se propoñerán algunhas actividades que vaian dirixidas a reafirmar conceptos, procedementos e actitudes que algúns dos alumnos do grupo non asimilaran ben.

b) As actividades de ampliación irán dirixidas a aqueles alumnos que pola súa maior madurez intelectual necesiten problemas que lles permitan obter un maior rendemento no proceso de ensinanza-aprendizaxe significativa. Estas actividades serán utilizadas a criterio do profesor, en función das súas necesidades educativas. Cada alumno debe aprender en función da súa capacidade e a isto se dirixe a diversidade de actividades e de criterios avaliadores.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Non está previsto realizalas, pois o programa resulta moi amplo e o tempo é necesario para o desenvolvemento do mesmo. Non obstante poderemos participar naquelas que organice o centro destinadas aos nosos alumnos.

8. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

O fomento da lectura convértese nunha actividade prioritaria para comprender textos escritos, para redactar correctamente e para expresarse oralmente de forma axeitada. Nunha área como Xeografía e Historia a falta de competencia lingüística convértese nun dos principais obstáculos. Parece, polo tanto, preciso fomentar a lectura para garantir a comprensión lingüística dos alumnos.

- En primeiro lugar, potenciarase a lectura dos libros de texto así como as páxinas específicas dedicadas á lectura.

- Empregaranse textos motivadores, normalmente de carácter narrativo ou periodístico, coa finalidade de que os alumnos aprendan non só a través do texto expositivo, senón tamén doutros tipos de texto. Así mesmo ensinaráselles aos alumnos a ler textos dun xeito pautado. Os alumnos aprenderán a situar os textos no seu contexto, e a seleccionar as ideas principais. Por outra banda aprenderán a realizar actividades de contraste de fontes e de integración da información de varias fontes.

- En terceiro lugar promoverase que os alumnos lean un conxunto de informacións para que formen a súa propia opinión sobre temas polémicos e de debatelos cos seus compañeiros.

- En cuarto lugar intentarase que os alumnos aprendan a identificar os aspectos subxectivos dos textos e a reflexionar sobre a función que cumpriron.

- En quinto lugar, proporcionaranse actividades específicas de comprensión lectora para axudar aos alumnos a comprender o que len ao mesmo tempo que realizan actividades que os axudarán . Estas actividades de comprensión lectora poden ser de varios tipos:

- actividades sobre o vocabulario máis difícil ou específico.
- actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
- actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas (causa - efecto, comparación, semellanza ...). difíciles de descubrir polos alumnos, pois adoitan estar ocultos no texto.
- actividades de realización de cadros, esquemas, táboas, etc., ferramentas que son moi útiles para comprender e estudar .

9. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) forman parte do proxecto educativo actual. Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de procurar e tratar a información, ata o punto de que se ten convertido na principal fonte de información para case todos; por iso, cómpre que lles ensinemos aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia. As novas tecnoloxías ábrenlles novos camiños e formas de traballar na clase, que poden resultar motivadoras para os alumnos e moi potentes desde o punto de vista didáctico. As posibilidades de traballar coas novas tecnoloxías son varias, cada profesor pode elixir, segundo os seus gustos e necesidades

- Pódese recorrer a Internet para buscar información sobre actividades ou diversos aspectos da materia
- Pódense empregar recursos multimedia, con presentacións audiovisuais para cada un dos temas do libro. Estas presentacións poden proxectarse de dúas maneiras: ben nun encerado dixital, se o houbera, ben simplemente cun ordenador e un canón. Estas presentacións poden incluír animacións, vídeos, imaxes, esquemas, textos e actividades que poden proxectarse ao longo da explicación na clase e que, sen dúbida, farán máis rica e interesante a exposición.
- Pódense empregar proxectos específicos de investigación en Internet: as WebQuests. Trátase de grandes propostas de investigación que os alumnos realizarán en grupo e que ocuparán varias clases. Cada investigación supón a elaboración dun traballo sobre un tema do curso cuxa información debe buscarse en Internet. As WebQuests poden servir para traballar algúns temas do curso cunha metodoloxía indagadora, diferente da tradicional metodoloxía expositiva común na nosa materia, ao mesmo tempo que lles ensinan aos alumnos a procurar información en Internet e a traballar en grupo.

10. IINDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PORCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Descritores

- Realiza con interese a lectura comprensiva dos contidos das diferentes epígrafes das unidades.
- Define termos utilizando o vocabulario xeográfico adecuado
- Le e comenta textos
- Redacta a resposta ás actividades e os traballos formulados
- Expón oralmente, con corrección e coherencia, a resposta ás actividades didácticas formuladas polo profesorado
- Respecta as normas de comunicación na clase
- Obtén e elabora información da Rede
- Coida a presentación do caderno de traballo e a execución dos actividades
- Participa activamente en clase formulando preguntas; contestando a interrogantes; manifestando opinións
- Respecta as intervencións en clase dos demais estudantes.
- Manifesta unha actitude atenta en clase e respectuosa coas indicacións do profesorado
- Apoia a aprendizaxe dos contidos utilizando un esquema e confeccionando cadros comparativos
- Compara informacións e interpreta imaxes, mapas e gráficos relativos aos diversos temas da xeografía
- Utiliza datos estatísticos para obter información
- Calcula as coordenadas xeográficas de España; e a porcentaxe que representa cada un dos territorios que a integran.
- Observa e deduce, a partir dun mapa físico, a que se debe a escasa influencia do mar e a elevada altitude media da Península.
- Observa e deduce, a partir dun mapa físico, cales son as características do relevo galego e de España
- Relaciona contidos: vínculos entre historia xeolóxica, rochedo e relevo.
- Explica feitos relativos ao relevo español
- Utiliza e traballa con mapas. Localiza en mapas os relevos montañosos e os principais cabos e golfos da Península
- Elabora e comenta un perfil topográfico a partir dun mapa topográfico
- Calcula: amplitudes térmicas anuais e o índice de aridez de De Martonne; e aplica os índices de aridez de Gaussen e de De Martonne
- Explica feitos relativos ao clima español
- Utiliza e traballa con mapas sinópticos de tempo, isotermas e isohietas
- Localiza en mapas e comenta os diferentes dominios climáticos
- Elabora e comenta climogramas

- Toma conciencia dos cambios producidos pola actividade humana no medio ambiente
- Calcula: o caudal relativo e a irregularidade anual dun río e indica as unidades en que se mide o caudal absoluto e relativo dun río
- Explica feitos relativos ás augas, a vexetación e o solo
- Compara os bosques caducifolio, marcescente e perennifolio; e a landa coa maquia
- Toma conciencia dos problemas ambientais e valora as medidas encamiñadas a conseguir un desenvolvemento sostible
- Comprométese na mellora do medio
- Entende como inflúen os distintos elementos do medio natural no poboamento e o hábitat, e nas actividades humanas
- Sabe explicar o espazo rural e a súa diversidade
- Compara as vantaxes e inconvenientes dos cambios nas técnicas e sistemas agrarios
- Conoce as diferentes políticas agrarias
- Conoce as características da actividade agraria, gandeira e pesca tradicional e actual
- Compara as vantaxes e inconvenientes dos cambios nas técnicas e sistemas agrarios; dos cultivos forzados; dos usos tradicionais e dos novos usos no espazo rural
- Conoce a política hidráulica
- Conoce as diferentes paisaxes rurais
- Toma conciencia dos cambios producidos pola actividade humana no contorno e é consciente das medidas para aforrar enerxía na vida cotiá e propón solucións para os problemas ambientais causados pola minaría e pola industria
- Relaciona a localización dos principais depósitos de enerxía non renovable coas redes de transporte e as instalacións de transformación; e a suba do prezo do petróleo coa crise industrial española de 1975
- Explica as causas e as consecuencias do elevado consumo enerxético en España; os factores de localización das enerxías renovables; as consecuencias da elevada importación enerxética; as razóns da dependencia externa e escasa proxección exterior da industria española no período 1855-1975; os factores que propiciaron a implantación das primeiras industrias en Asturias, País Vasco, Cataluña e Madrid; e as causas da concentración e da difusión industrial.
- Compara as vantaxes e inconvenientes das fontes de enerxía renovables e non renovables
- Conoce as características dos diferentes sistemas de transporte e os impactos ambientais
- Relaciona contidos: os principais problemas do sistema de transporte español coas actuacións da política de transporte para solucionarlos; e os trazos que comparte o comercio polo miúdo tradicional moderno co tradicional clásico e o de libre servizo
- Razona sobre a relación entre un PIB elevado e un alto desenvolvemento económico
- Compara as tendencias de localización da industria e dos servizos
- Explica a influencia dos factores físicos, económicos, demográficos e políticos na distribución da poboación; a influencia do crecemento natural e das migracións en cada etapa do crecemento da poboación española; a influencia na taxa de actividade das migracións, o dinamismo económico, a

duración da escolarización, o traballo da muller fóra do fogar e a idade da xubilación; e os factores que influíron na taxa de paro en España.

- Compara o censo co padrón municipal; a metodoloxía dos censos actuais e a dos censos por lumes; as migracións estacionais e temporais co éxodo rural; a emigración tradicional transoceánica e a europea; e as consecuencias das migracións exteriores tradicionais e actuais.
- Diferencia o crecemento natural e o crecemento real da poboación.
- Busca noticias sobre problemas relacionados co movemento natural da poboación; e sobre as migracións.
- Comenta textos xeográficos sobre o envellecemento demográfico.
- Sabe calcular e interpretar taxas e índices demográficos
- Conoce a evolución da mortalidade infantil; a evolución da esperanza de vida; a evolución das migracións interiores tradicionais; as migracións segundo o tamaño dos municipios; a evolución da estrutura por idade; e a evolución da poboación ocupada por sectores económicos.
- Conoce a evolución da densidade de poboación en España; os saldos migratorios das migracións interiores actuais; e diferentes documentos sobre a inmigración estranxeira en España.
- Elabora, comenta e compara pirámides de poboación de España
- Toma conciencia dos cambios producidos pola actividade humana no contorno: recompila noticias sobre problemas urbanos relacionados coa deterioración ambiental.
- Explica as razóns da importancia urbana das cidades españolas na Idade antiga, Media e de na Idade Moderna e contemporánea; e os trazos que miden a proxección internacional dunha cidade
- Compara os barrios obreiros tradicionais e as colonias de Casas Baratas do período industrial; e os obxectivos e actuacións do urbanismo desde a segunda metade do século XIX ata a actualidade.
- Diferencia unha aglomeración urbano-industrial e unha urbanización difusa, e relaciónaaas cunha etapa do proceso de urbanización
- Distingue nunha imaxe os trazos propios dunha cidade; e describe a información que achegan imaxes sobre o plano, a trama, a edificación e os usos do solo da zona antiga no pasado e na actualidade.
- Conoce a evolución das cidades españolas en 1900 e en 1970; e sobre as relacións entre a cidade central e os núcleos da área metropolitana na época industrial e postindustrial.
- Comenta o plano urbano de Palma seguindo a técnica proporcionada no libro de texto
- Explica as principais diferenzas entre as distintas vías seguidas polas comunidades para acceder á autonomía; o réxime de financiamento autonómico foral e común e como se garante a todas as comunidades un nivel de cobertura mínimo para os servizos fundamentais e o pagamento das competencias transferidas;
- Conoce a información que achegan os diferentes indicadores para medir os desequilibrios territoriais;
- Conoce a evolución dos desequilibrios territoriais no crecemento do PIB e da poboación, e a converxencia económica, demográfica e social entre as rexións españolas; frases relacionadas coa política rexional do Estado;
- Entende os principais problemas da ordenación do territorio en España.

- Compara os fondos da política de cohesión europea.
- Clasifica as comunidades autónomas españolas nas diferentes categorías de rexións europeas.
- Comenta textos xeográficos sobre artigos da Constitución española relativos ao financiamento autonómico.
- Elabora mapas sobre a división autonómica, a división provincial e os países fronteirizos de España.
- Comenta mapas dos incentivos rexionais.
- Comenta unha táboa estatística sobre o progreso de España nos obxectivos da Estratexia Europa 2020: crecemento intelixente, sostible e integrador+
- Relaciona contidos: cada un dos obxectivos da Estratexia Europa 2020 coa correspondente prioridade.
- Explica as causas e as consecuencias da dependencia enerxética da UE; os factores de localización das áreas industriais da UE; as causas da elevada urbanización da UE; o motivo da expansión superficial das cidades europeas; e os cambios nos desequilibrios territoriais da UE.
- Clasifica noticias relativas a temas europeos e á posición de España na UE; e clasifica os datos dunha táboa estatística sobre a posición de España na UE.
- Compara os trazos da estrutura agraria e pesqueira da UE; e as semellanzas e diferenzas entre a política rexional e a política de ordenación do territorio da UE.
- Compara mapas: os conxuntos rexionais da UE e a clasificación das rexións na política rexional.
- Realiza un eixe cronolóxico sobre o proceso de ampliación europeo
- Utiliza índices para sacar conclusións sobre a posición relativa de España no mundo e as fortalezas e as debilidades de España no contexto internacional.
- Emprega datos estatísticos para xustificar a situación de España nas áreas mundiais.
- Comenta unha táboa estatística sobre diferenzas entre países pertencentes a distintas áreas mundiais.
- Razona as vantaxes que ten para un país ter unha boa reputación exterior.
- Explica o papel que desempeñan na globalización os transportes, as comunicacións, o sistema capitalista e as organizacións e axentes internacionais.
- Clasifica a información proporcionada por unha táboa estatística sobre as distintas áreas mundiais.
- Compara a evolución do desenvolvemento humano nos países de alto desenvolvemento, emerxentes e de baixo desenvolvemento; e as fortalezas e debilidades que impulsan e limitan o poder dos países emerxentes no contexto internacional.
- Busca noticias sobre a globalización na súa dimensión política, económica, social, cultural e ambiental.
- Comenta gráficos sobre a axuda oficial ao desenvolvemento dos países do CAD (Comité de Axuda ao Desenvolvemento) e de España; e sobre a presenza exterior de España segundo os indicadores do IEPG.

Indicadores

- Indicador de logro baixo: Ter dificultades para explicalo.
- Indicador de logro medio: Explicalo sen dificultade de forma sinxela.

- Indicador de logro alto: Explicalo ao máximo nivel de forma excelente.

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A programación é revisada ao longo de todo o curso escolar nas sucesivas reunións do Departamento que se realizan mensualmente, con especial fincapé na reunión final, tralo remate do curso académico.

A fin de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, ofrécense unha serie de rúbricas ou instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente que son:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

1. PLANIFICACIÓN

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
PLANIFICACIÓN	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.		
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		

2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

3. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.		

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSIANZA-APRENDIZAXE

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSIANZA- APRENDIZAXE	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		